



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Practicum I	Código	652G01028	
Titulación	GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 90 créditos.			
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación Pedagogía e Didáctica Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Castro Rodríguez, M <sup>a</sup> Montserrat Cotelo Guerra, Dolores Depalma Ungaro, Renee Digon Regueiro, Alba Patricia Espineira Bellon, Eva Maria Mendez Garcia, Rosa Maria Muñoz Cantero, Jesus Miguel Porto Rioboo, Ana Maria Santorump Paz, Maria Rosa Zapico Barbeito, M <sup>a</sup> Helena	Correo electrónico	maria.castror@udc.es dolores.cotelo@udc.es r.depalma@udc.es patricia.digon@udc.es eva.espineira@udc.es rosa.mendez@udc.es jesus.miguel.munoz@udc.es ana.prioboo@udc.es rosa.santorump@udc.es helena.zapico@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 9 créditos da materia (225 horas), o 55% son de carácter presencial (135 horas) e o 45% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (90 horas).</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais), e as 10 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Prácticum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da titulación.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación



A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A59	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
A64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.
A65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
A66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidosas.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B23	Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Promover e facilitar a aprendizaxe na primeira infancia, desde unha perspectiva global e integradora das súas diferentes dimensións (cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva)	A5 A6 A13 A22 A30 A63	B2 B4 B5 B7 B8 B12 B23	C4 C7 C8
Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singularidades educativas das crianzas, a igualdade de xénero, a equidade e o respecto dos dereitos humanos e do medio.	A59 A62 A65	B12 B24 B25	C3 C4
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento.	A29 A30 A64 A66	B5 B6	C4 C8
Asumir o exercicio da función docente e ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida.	A37 A63	B1 B3 B4 B14	C6 C8
Reflexionar sobre a práctica da aula para innovar e mellorar o labor docente.	A12 A13 A23	B11 B18	C4 C7 C8
Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa, e valorar a importancia de promover este tipo de hábitos e destrezas desde a primeira infancia.	A5	B4 B9	C7 C8
Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos centros en que se imparte educación infantil e aos seus profesionais.	A12 A13 A31 A63 A64	B6 B22	C4 C5 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
AA organización das institucións educativas e a súa incidencia no funcionamento das aulas de educación infantil	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os órganos de goberno do centro e os órganos de coordinación das actividades que nel se desenvolven</li> <li>- O réxime de funcionamento do centro: proxectos, programas, plans, horarios etc.</li> <li>- A cultura do centro escolar</li> </ul>
A concreción do currículo da educación infantil de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os niveis de concreción, o seu grao de coherencia e contextualización: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula</li> <li>- O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.</li> </ul>
A xestión da aula na educación infantil como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constitúa como base da aprendizaxe ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula</li> <li>- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas</li> <li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil</li> <li>- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias</li> <li>- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica</li> </ul>



A reflexión sobre a práctica como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido</li> <li>- Técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li> <li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li> </ul>
--	---

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	125	0	125
Traballos tutelados	10	0	10
Portafolios do alumno	0	70	70
Análise de fontes documentais	0	10	10
Seminario	10	0	10
Atención personalizada	0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 125 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc.
Traballos tutelados	A elaboración do portafolios para recoller a experiencia do Prácticum I será titorizada mediante sesións de traballo grupal ou individual que terán lugar na Facultade. Durante estas sesións daranse as indicacións oportunas sobre o contido e a estrutura do traballo, as fontes documentais imprescindibles ou a relevancia e pertinencia da análise da experiencia. Este traballo tutelado poderá contar tamén con exposicións ante os compañeiros e posta en común co obxecto de compartir experiencias que enriquezan a aprendizaxe colectiva.
Portafolios do alumno	Ver documento en Anexos
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.
Seminario	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. 1 Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Prácticum.</li> <li>2. Selección de centro (2 horas).</li> <li>3. Tres seminarios de titoría durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas). <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Prácticum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Prácticum terá lugar a posta en común dos portafolios do alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</li> <li>- De avaliación, para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul> </li> </ol>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Seminario	Alén dos seminarios de seguimento do Prácticum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.
Saídas de campo	O profesorado da UDC realizará cando menos tres contactos cos centros de desenvolvemento do Prácticum:
Portafolios do alumno	1.ª) Antes da incorporación do alumnado ao centro para comprobar a recepción da documentación, confirmar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.
Traballos tutelados	2.ª) Durante o desenvolvemento do Prácticum para compartir información sobre o grao de integración do alumnado. 3.ª) Ao finalizar o período do Prácticum para avaliar a experiencia. Na medida do posible un dos contactos co centro terá forma de visita.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Seminario	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	20
Saídas de campo	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	40
Portafolios do alumno	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica Orixinalidade da proposta	40

Observacións avaliación
Para aprobar a materia será necesario superar cada un dos elementos da avaliación (seminarios, portafolios e práctica pedagóxica).
O alumnado que suspenda as prácticas pedagóxicas e/ou os seminarios, non superará a materia nese curso académico.
Para a segunda oportunidade de avaliación (xullo), consideraranse válidas as cualificacións das actividades que fosen superadas na primeira oportunidade.
A cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada unha das epígrafes. No caso de non superar a materia, a cualificación será o resultado da media das actividades suspensas.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario



Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías